

**21/270 APROBACIÓN DE ADHESIÓN Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP BASEADA NO ACORDO MARCO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE ELECTRICIDADE EN ALTA E BAIXA TENSIÓN.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da Xefa de Sección de Fomento, do 15 de maio de 2023, na parte expositiva do cal se fai constar:

"Iniciado expediente, dende o servizo de Fomento, de tramitación de adhesión baseada no acordo marco para a subministración de electricidade en alta e baixa tensión, a través da Central de Contratación da FEMP, que habilita ás entidades locais asociadas á FEMP a esta contratación, é necesario a formulación da adhesión á mencionada central, e vistos:

#### ANTECEDENTES DE FEITO

**1.-** Informe do Servizo de Contratación do 15.02.2023 relativo á viabilidade xurídica da adhesión á Central de Contratación da FEMP, para a subministración de electricidade de alta e baixa tensión, e dos demais trámites establecidos vinculados á súa licitación e publicación, no que se conclúe:

*"Conforme a lo previsto en el artículo 203 del Texto Refundido de la Ley de Contratos del Sector Público, **estas asociaciones podrán crear centrales de contratación. Las Entidades Locales a ellas asociadas, podrán adherirse a dichas centrales para aquéllos servicios, suministros y obras cuya contratación se haya efectuado por aquéllas, de acuerdo con las normas previstas en ese Texto Refundido, para la preparación y adjudicación de los contratos de las Administraciones Públicas.***

*En consecuencia, dende un punto de vista estriamente xurídico, é viable a adhesión á Central de Contratación creada pola FEMP para a contratación da subministración de electricidade a través de contratos basados no Acordo Marco suscrito pola FEMP e entidade adxudicataria do dito acordo marco.*

*En relación cos trámites e pasos a seguir no expediente de contratación do contrato baseado no acordo marco enténdese que se trata dun procedemento áxil - existe unha guía para a súa tramitación- se ben sobre as cuestións técnicas debera pronunciarse o Servizo de Informática e fundamentalmente a unidade xestora interesada na adhesión e contratación da subministración."*

**2.-** Informe do Servizo de Informática do 11.04.2023 relativo ás cuestións técnicas vinculadas á plataforma para a formulación da adhesión á Central de Contratación, e trámites posteriores para a adxudicación do contrato baseado no acordo marco, manifestando:

*"Examinado a documentación obrante no expediente, despréndese da mesma que será necesario a tramitación a través da Plataforma Central de Contratación da*

## ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac1403331451033476112.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 18-5-2023

*FEMP. Trátase dunha aplicación web á que será preciso acceder a través dun navegador, sendo necesaria a alta dos usuarios que tramiten o expediente na mesma, e que se realizará a través do correo electrónico remitindo unha mensaxe ao enderezo centraldecontratacion@femp.es.*

*Nos distintos manuais de usuario dispoñibles no referido portal web indícase que é preciso, para a autenticación con certificado electrónico e sinatura de documentos, a aplicación Autofirma. Esta aplicación xa está dispoñible na totalidade das estacións de traballo do Concello de Lugo.*

*Polo exposto e en base a documentación obrante no expediente, non existe impedimento técnico algún que impida a sinatura do convenio e o posterior uso da Plataforma Central de Contratación da FEMP.*

*É canto procede informar."*

**3.** Informe de Enxeñería municipal do 27.04.2023 conformado polo responsable da área xestora (28.04.2023) do seguinte teor:

*"Con motivo da finalización do contrato de subministración eléctrica do Concello de Lugo, e preciso realizar a nova contratación para os puntos de consumo existentes, así como os novos que poidan xurdir. Dado o gran número de puntos a subministrar e a oscilación dos prezos da electricidade, considerase oportuno e viable a adhesión o mediante acordo marco á central de compras da FEMP para o subministro de baixa tensión en alta tensión.*

*Concretamente para o lote 1.*

*E canto cabe informar."*

**4.** Informe proposta do Servizo de Fomento asinado o 11.05.2023 á Xunta de Goberno Local, para a súa posterior ratificación polo Pleno, relativo á adhesión á Central de Contratación da FEMP baseado no acordo marco para a subministración de electricidade en alta e baixa tensión.

**5.** Consta no expediente conforme do Secretario do Pleno (art. 3.4. R. d. 218/18) do día 12 de maio de 2023 ao informe proposta do Servizo de Fomento emitido o 11.05.23.

**6.** Consta no expediente dilixencia da Intervención Xeral, manifestando: *"Devólvese o expediente á unidade tramitadora, non sendo obxecto de fiscalización previa por parte da intervención xeral municipal, ao non desprenderse da proposta de adhesión obrigas de carácter económico para o concello de lugo."*

## LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público. LRXSP.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.
- Calquera outra disposición legal vixente que lles sexa de aplicación ás corporacións locais.

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**PRIMEIRA.-** O artigo 2 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime Local establece: *“Para a efectividade da autonomía garantizada constitucionalmente ás Entidades Locais, a lexislación do Estado e a das Comunidades Autónomas, reguladora dos distintos sectores de acción pública, según a distribución constitucional de competencias, deberá asegurar aos Municipios, ás Provincias e ás Islas o seu dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, atribuíndolles as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública de que se trate e á capacidade de xestión da Entidade Local, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia, e con estricte suxeición á normativa de estabilidade presupostaría e sostenibilidade financeira.”*

**SEGUNDA.-** Por outra banda, o artigo 86 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, determina que *“As Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios ou contratos con persoas tanto de dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ó ordenamento xurídico nin versen sobre materias non susceptibles de transacción, e teñan por obxecto satisfacer o interese público que ten encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que, no seu caso, prevea a disposición que o regule, podendo tales actos ter a consideración de finalizadores dos procedementos administrativos ou insertarse neles con carácter previo, vinculante ou non, á resolución que lles poña fin”.*

**TERCEIRA.-** De igual xeito, o artigo 111 do Real decreto legislativo 781/86, do 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, sinala que as entidades locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor destes, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, se é o caso, a favor das ditas entidades.

## ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac1403331451033476112.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 18-5-2023

**CUARTA.-** A Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), por acordo da súa Xunta de Goberno do 28 de xaneiro de 2014, aprobou a creación dunha central de contratación ao abeiro do previsto na disposición adicional quinta da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, conforme á redacción dada á mesma polo artigo 1.35 da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local. A Central de Contratación da FEMP réxese polo disposto nos artigos 227 e seguintes da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

**QUINTA.-** O Excmo. Concello de Lugo está interesado na utilización da Central de Contratación creada pola FEMP.

### RÉXIME COMPETENCIAL

**ÚNICO.-** A competencia en materia de contratación está atribuída á Xunta de Goberno Local, conforme á DA 2ª.4 da Lei 9/2017 de contratos do sector público; así mesmo, segundo o disposto no artigo 228 da referida Lei 9/2017 e sendo de interese para esta entidade a utilización da Central de Contratación da FEMP, a competencia está atribuída ao Pleno da Corporación en virtude do art.123.1 j) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local que establece: "*La transferencia de funciones o actividades a otras Administraciones públicas, así como la aceptación de las delegaciones o encomiendas de gestión realizadas por otras Administraciones, salvo que por ley se impongan obligatoriamente.*"

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcaldesa Delegada da área respectiva e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excmo. Sra. D.ª LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal PSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Sostibilidade Urbana (GMPSdeG-PSOE); Ilma. Sra. D.ª MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial (GMPSdeG-PSOE); Ilma. Sra. D.ª ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cohesión e Dinamización Social (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego); Ilma. Sra. D.ª TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua (GMBNG) e a Ilma. Sra. D.ª. MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Participación e Servizos para a Veciñanza (GMBNG), **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Adherirse á Central de Contratación da FEMP a fin de poder contratar as obras, servizos e subministracións que oferte, de conformidade coas condicións e prezos que se fixen nos correspondentes contratos ou acordos marco que se subscriban entre a dita central e as empresas adxudicatarias destes.

SEGUNDO.- Axustarse ao establecido no Regulamento de funcionamento da Central de Contratación da FEMP, en concreto, nas cláusulas referentes ao ámbito de aplicación, funcionamento, dereitos e obrigas das entidades locais.

TERCEIRO.- Darlle traslado ao Pleno do Excmo. Concello de Lugo para os efectos da súa ratificación.

CUARTO.- Remitirle este acordo á FEMP para os efectos oportunos.